

NOVIDADE  
EDITORIALCONSORCIO DE  
SANTIAGOEDITORA  
**alvarellos**


# Unha obra pioneira sobre o nacemento da fotografía en Galicia

Ilustrada con máis de  
350 imaxes, moitas delas  
inéditas, e novos datos,  
nunca relevados ata hoxe.  
Trázase a biografía de 24  
profesionais con estudos  
en Santiago de Compostela  
no século XIX.

FICHA: 300 pp. 23x21 cms

ISBN 978-84-16460-51-9

PVP: 29,50 €



Compostela, Xaneiro 2019.- AS ORIXES DA FOTOGRAFÍA EN GALICIA. ESTUDIOS COMPOSTELÁNS DO XIX é unha obra **pioneira, resultado de anos de fonda investigación**, que achega descubrimentos sorprendentes do nacemento da arte fotográfica na Galicia do século XIX. O seu autor, o fohistoriador **Carlos Iglesias Castelao** (de orixe asturiana e afincado en Compostela dende 1988), ofrece nestas páxinas un traballo rigoroso, documentadísimo e enormemente didáctico.

Un volume ilustrado con máis de 350 imaxes (moitas delas, totalmente inéditas) que principia situando os albores da fotografía no noso país para presentar de seguido o **máis completo traballo coñecido ata hoxe sobre a fotografía dunha cidade galega nun período concreto.**

Son as precursoras e precursores da nova arte da imaxe en Santiago de Compostela. Trázase **a biografía de ata vinte e catro profesionais e os seus estudos fotográficos**; demóstrase a interrelación nunha maioría deles, a súa ideoloxía común progresista ou o seu achegamento á masonería. Dedicase un apartado á **presenza da muller na fotografía** con novas descubertas arredor de **Rosalía de Castro** e os seus fotógrafos. Inclúese a historia completa do primeiro fotógrafo galego con estudio propio, **Andrés Cisneros**, e mesmo descubrimos feitos ben singulares como a historia do **nenó fotógrafo Luis Hermida, de oito anos...** Trátase, en fin, dun **traballo sen precedentes na historia galega da fotografía** que nos fará gozar desta arte que, na segunda metade do século XIX, cambiaría a nosa forma de ver o mundo.

Para contactar con Carlos Castelao: [cicastelao@yahoo.es](mailto:cicastelao@yahoo.es)

Alvarellos Editora SL CIF B-70183082. Rúa de Sempre en Galiza, 4 (plaza interior)

15706 Santiago de Compostela. Tel 981 522 137 - 609 90 88 52 - [prensa@alvarellos.info](mailto:prensa@alvarellos.info) - [www.alvarellos.info](http://www.alvarellos.info)

# Nota de Prensa

NOVIDADE EDITORIAL

EDITORA  
**alvarellos**



Alvarellos Editora SL CIF B-70183082. Rúa de Sempre en Galiza, 4 (plaza interior)  
15706 Santiago de Compostela. Tel 981 522 137 - 609 90 88 52 - prensa@alvarellos.info - www.alvarellos.info